

# EDUCACIÓN MUSICAL:

1. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE MÍNIMAS E IMPRESCINDIBLES

## A. INFANTIL

ÁREA:		Linguaxes: comunicación e representación			NIVEL - IDADE:		4º E.I. - 3 anos	
Obxectivos	Contidos bloque	B:	Criterios de avaliación	C.C.	Indicadores de logro			
LCR.I - Desenvolver un sentimento de autoconfianza nas propias producións artísticas, e valorar as producións alleas.	<p>LCR-B.2.10 - Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais.</p> <p>LCR-B.2.11 - Vivencia do son e do silencio.</p> <p>LCR-B.2.12 - Recoñecemento de sons do contorno natural e social, e discriminación dos seus trazos distintivos.</p> <p>LCR-B.2.13 - Creación de secuencias de movementos e ritmos a partir das sensacións que lle xenera a música.</p>		LCR.9 - Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas.	CCL CSC CCEC	<p>4º-LCR.9.1 - Participa con interese en actividades expresivas</p> <p>4º-LCR.9.2 - (Gusta de explorar sensorialmente os elementos presentes no contorno.</p> <p>4º-LCR.9.3 - Sinala gustos persoais indicando que obras lle gustan e cales non.</p> <p>4º-LCR.9.4 - Participa con interese en actividades expresivas.</p> <p>4º-LCR.9.5-Explora as posibilidades sonoras de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais.</p> <p>4º-LCR.9.6 - Participa cando se fan actividades musicais.</p> <p>4º-LCR.9.7 -Participa con interese en actividades expresivas.</p>			

	<p>LCR-B.2.14 - Audición atenta de obras musicais populares, clásicas e contemporáneas.</p> <p>LCR-B.2.14 - Participación activa e gozo na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas colectivas e individuais.</p>		<p>4º-LCR.9.8 - Descubre as posibilidades expresivas do seu propio corpo.</p> <p>4º-LCR.9.9 - Participa activamente nas representacións e no xogo dramático.</p>
--	--	--	--

ÁREA:		Linguaxes: comunicación e representación			NIVEL - IDADE:		5º E.I. - 4 anos	
Obxectivos	Contidos bloque	B:	Criterios de avaliación	C.C.	Indicadores de logro			
<p><b>LCR.1</b> - Desenvolver un sentimento de autoconfianza nas propias producións artísticas, esforzándose por melloralas e superarse e valorando as producións alleas.</p>	<p><b>LCR-B.2.10</b> - Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais.</p> <p><b>LCR-B.2.11</b> - Vivencia do son e do silencio.</p> <p><b>LCR-B.2.12</b> - Recoñecemento de sons do contorno natural e social, e discriminación dos seus trazos distintivos.</p> <p><b>LCR-B.2.13</b> - Creación de secuencias de movementos e ritmos a partir das sensacións que lle xenera a música.</p>		<p><b>LCR.9</b> - Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas.</p>	<p>CCL CSC CCEC</p>	<p><b>5º-LCR.9.3</b> - Explora as propiedades sonoras do corpo.</p> <p><b>5º-LCR.9.4</b> - Explora as posibilidades sonoras da voz.</p> <p><b>5º-LCR.9.5</b> - Mostra unha actitude de atención e relaxación diante da escoita de distintas obras musicais populares, clásicas e contemporáneas.</p> <p><b>5º-LCR.9.6</b> - Diferenza son e silencio.</p> <p><b>5º-LCR.9.7</b> - Gústalle imitar sons e ritmos diversos.</p> <p><b>5º-LCR.9.13</b> - Participa activamente e goza en actividades de dramatización, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.</p>			

	<p><b>LCR-B.2.14</b> - Audición atenta de obras musicais populares, clásicas e contemporáneas. Participación activa e gozo na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas colectivas e individuais.</p>			
--	---	--	--	--

ÁREA:		Linguaxes: comunicación e representación			NIVEL - IDADE:	6º E.I. - 5 anos
Obxectivos	Contidos bloque	B:	Criterios de avaliación	C.C.	Indicadores de logro	
<p><b>LCR.b</b> - Utilizar e recoñecer a importancia de diferentes manifestacións non verbais como o silencio, a mirada, a xestualidade, o olfato, o tacto, para comunicarse.</p> <p><b>LCR.j</b> - Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar,...dende as súas ideas, sentimentos, experiencias, coñecementos...</p> <p><b>LCR.l</b> - Desenvolver un sentimento de autoconfianza nas propias producións artísticas, esforzándose por melloralas e superarse e valorando as producións alleas.</p>	<p><b>LCR-B.2.10</b> - Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais.</p> <p><b>LCR-B.2.11</b> - Vivencia do son e do silencio.</p> <p><b>LCR-B.2.12</b> - Recoñecemento de sons do contorno natural e social, e discriminación dos seus trazos distintivos.</p> <p><b>LCR-B.2.13</b> - Creación de secuencias de movementos e ritmos a partir das sensacións que lle xenera a música.</p>		<p><b>LCR.9</b> - Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas.</p>	<p>CCL CSC CCEC</p>	<p><b>6º-LCR.9.2</b> - Valora e respecta as producións dos compañeiros e compañeiras.</p> <p><b>6º-LCR.9.4</b> - Sinala gustos persoais indicando que obras lle gustan e cales non.</p> <p><b>6º-LCR.9.5</b> - Explora as propiedades sonoras do corpo.</p> <p><b>6º-LCR.9.7</b> - Reproduce esquemas rítmicos.</p> <p><b>6º-LCR.9.8</b> - Produce sons e ritmos empregando instrumentos musicais.</p> <p><b>6º-LCR.9.9</b> - Acórdase das cancións e fragmentos de música traballados.</p> <p><b>6º-LCR.9.9</b> - Participa activamente na interpretación de danzas colectivas e individuais.</p>	

<p><b>LCR-B.2.14</b> - Audición atenta de obras musicais populares, clásicas e contemporáneas. Participación activa e gozo na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas colectivas e individuais.</p>	<p><b>6°-LCR.9.12-</b> Coordina as súas accións coas das demais nenas e nenos.</p> <p><b>6°-LCR.9.13</b> - Colabora na elaboración dos elementos necesarios para a ambientación das actividades de dramatización.</p>
---	---

## B. PRIMARIA: PRIMEIRO E SEGUNDO CURSO

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPE. CLAVE
BLOQ 1.	ESCOITA			
j b	<p>B1.1. Calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.</p> <p>B1.2. Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural e social.</p> <p>B1.3. Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características.</p> <p>B1.4. Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva. Curiosidade por descubrir os sons do contexto e as súas características.</p> <p>B1.5. Audición de pezas vocais e identificación de voces femininas e masculinas.</p> <p>B1.6. Recoñecemento visual e auditivo, e denominación dalgúns instrumentos musicais da aula e da música escoitada e interpretada no contexto do alumnado.</p>	<p>B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.</p>	<p>EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.</p>	<p>CECC CAA</p>

			EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.	CCEC
			EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.	CCEC
			EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.	CCEC CD
			EMB1.1.5. Identifica voces masculinas e femininas.	CCEC
j a	B1.7. Audición de pezas vocais e instrumentais.	B1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.	EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.	CSC CCEC
			EMB1.2.2. Respecta as opinións dos seus compañeiros e das súas compañeiras, así como do profesorado.	CSC CCEC
j	B1.8. Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves. B1.9. Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que se desenvolve nelas (dirección, instrumentista e público).	B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.	EMB1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaas coas súas obras.	CCEC CAA
			EMB1.3.2. Coñece as figuras do/da director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos	CCEC CSC CAA
j e	B1.10. Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada.	B1.4. Comunicar utilizando un vocabulario adecuado ás sensacións e ás impresións sentidas na audición.	EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.	CCL CCEC

			EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.	CCL CCEC
j e	B1.11. Elementos da música: tempo e dinámica. B1.12. Distinción e representación corporal ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada. B1.13. Forma musical: repetición e contraste. B1.16. Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras musicais.	B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade e carácter)	EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra e <b>parella de corcheas</b>	CCEC CAA
			EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.	CD CCEC
	<b>B1.18. As familias de instrumentos: vento, corda e percusión.</b>	<b>B1.6. Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais</b>	<b>EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias</b>	<b>CCEC</b>
<b>BLOQ 2.</b>	<b>INTERPRETACIÓN MUSICAL</b>			
j b	B2.1. Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos. B2.2. Construción de instrumentos musicais sinxelos con obxectos de uso cotián.	B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando materiais como fonte de son.	EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados.	CCEC CMCCT CAA
			EMB2.1.2. Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.	CSC CAA
j b	B2.3. Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación. B2.4. Interpretación e memorización de ladaiñas e cancións ao unísono.	B2.2. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.	EMB2.2.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.	CCEC CSC

			EMB2.2.4. Le e interpreta con ritmo ladaiñas e cancións ao unísono.	CCEC CCL CMCCT
j b	<p>B2.5. Imitación de fórmulas rítmicas e melódicas.</p> <p>B2.6. Lectura e interpretación de partituras breves e sinxelas con grafías non convencionais, e de esquemas rítmicos e melódicos elementais con notación tradicional.</p> <p>B2.7. Iniciación á notación musical e ás grafías non convencionais como medio de representación da música: pentagrama, clave de sol, colocación das notas no pentagrama, figuras brancas, negras e silencio de negra.</p> <p>B2.8. Utilización da percusión corporal e dos instrumentos de pequena percusión como recursos para o acompañamento de textos, cancións e danzas.</p> <p>B2.9. Selección e combinación de obstinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais.</p>	B2.3. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.	EMB2.3.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.	CCEC CMCCT
			EMB2.3.3. Crea pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e silencio de negra, <b>engadindo a clave de sol</b>	CCEC CAA CMCCT
BLOQ 3.	MÚSICA MOVEMENTO E DANZA			
j b a	B3.1. Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo.	B3.1. Realizar pequenas coreografías.	EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.	CCEC CSC

			EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.	CCEC CSC
J	B3.2. Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas sinxelas. B3.3. Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros.	B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.	EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros.	CCEC
			EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.	CCEC

## 2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN EN PRIMARIA

### 2.1 A AVALIACIÓN

- A avaliación neste tercer trimestre será diagnóstica e formativa de cara a valorar os avances realizados e os atrasos que se puidesen producir co obxecto de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o vindeiro curso
- Esta avaliación seguindo as instrucións da Consellería de Educación **CONSIDERARÁ EN CONXUNTO AS AVALIACIÓNS 1ª E 2ª E TERÁ EN CONTA AS APRENDIZAXES DESENVOLVIDAS NESTAS DÚAS AVALIACIÓNS VALORANDO ESPECIALMENTE AS APRENDIZAXES E COMPETENCIAS IMPRENCINDIBLES.**

- A avaliación das actividades e aprendizaxes realizadas neste terceiro trimestre só poderá ter valor positivo para a cualificación do alumnado, non podendo puntuar negativamente en ningún caso.
- Flexibilizaranse os criterios de promoción e a repetición terá carácter EXCEPCIONAL (como foi sempre), e tomarase a decisión de forma colexiada tendo en conta a evolución do alumnado antes da suspensión da actividade lectiva presencial.

#### PRIMARIA

- Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

\* Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

\* Suficiente: 5.

\* Ben: 6.

\* Notable: 7 ou 8.

\* Sobresaliente: 9 ou 10.

A nota media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das áreas será a media aritmética das cualificacións de todas elas, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

Para conseguir a nota numérica da avaliación ordinaria realizarase a media das notas obtidas na 1ª e na 2ª avaliación, redondeando á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

Valorarase positivamente o traballo do alumnado durante este confinamento engadindo un punto a esta nota media.

(Os **procedementos**, a maneira de realizar o seguemento dos traballos realizados neste terceiro trimestre co alumnado de PRIMARIA é a través de:

- - Observación diaria e sistemática do neno e nena nas múltiples situacións que se producen neste confinamento, guiados pola intensa comunicación que se manterá cas familias para facer un mellor seguimento do traballo desenvolvido polo alumnado. Dende cómo explora e manipula os obxectos, cómo se manexa no espazo, cómo se relaciona cos demais...Recollerase toda esta información obtida a través das plataformas, das videoconferencias, dos audios, dos videos, das fotos...para coñecer mellor a súa evolución e poder mellorar conductas e situacións significativas de cara a facer unha mellor programación do inicio do curso 2020/2021
- - Producción do alumno/a: hai que ter en conta os traballos que os nenos e nenas realizan na casa e que nos comparten as familias a través das aplicacións e medios dos que dispoñen..
- - Comportamento e actitude: é importante ter un bo comportamento e unha boa actitude. Partimos de que nesta situación de confinamento todo o alumnado está a ter unha actitude e un comportamento exemplar.)

**2.2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN** que se teñen en conta para a realización das avaliacións (este ano da 1ª e 2ª avaliación) son:

A calificación establecerase a partir da análise da aprendizaxe e do progreso dos alumnos. Terase en conta e calificarase os seguintes aspectos do seguinte xeito:

1. Observación - atención- interese - comportamento- actitude - 20%
2. Actividade diaria - orde, presentación,boa letra- 30%
3. Competencias - 50%

### 3. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO EN INFANTIL

#### 2.1 A AVALIACIÓN

##### AVALIACIÓN DO ALUMNADO

A avaliación do **proceso de aprendizaxe** dos alumnos e alumnas debe ser:

- Individualizada: céntrase na situación inicial dos alumno e alumnas e na evolución das súas particularidades.
- Integradora: existen diversos grupos e situacións que avaliar.
- Continua: entende a aprendizaxe coma un proceso inicial, formativo, sumativo.
  - *Inicial*, porque parte dos coñecementos propios de cada alumno e alumna, propio das aprendizaxes significativas.
  - *Formativa*: porque ten en conta as dificultades e os progresos que van xurdindo ao longo do proceso de aprendizaxe.
  - *Sumativa*: porque establece os resultados ao final do proceso de aprendizaxe e a consecución dos obxectivos.
- Flexible: selecciónanse os criterios segundo as necesidades que vaian xurdindo.

Os **procedementos**, a maneira de realizar a avaliación para os nenos e nenas de infantil é a través de:

- Observación diaria e sistemática das condutas do neno e nena nas múltiples situacións que se producen na aula. Dende cómo explora

e manipula os obxectos, cómo se manexa no espazo, cómo se relaciona cos demais... Trátase de recoller toda a información, en diarios

de aula, para coñecer mellor a personalidade do neno e nena e poder mellorar conductas e situacións significativas.

- Producción do alumno/a: hai que ter en conta os traballos que os nenos e nenas realizan na aula.

- Comportamento e actitude: é importante ter un bo comportamento e unha boa actitude para que se produza a aprendizaxe.

- **A avaliación neste terceiro trimestre será diagnóstica e formativa de cara a valorar os avances realizados e os atrasos que se puidesen producir co obxecto de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o vindeiro curso**
- Esta avaliación seguindo as instrucións da Consellería de Educación **CONSIDERARÁ EN CONXUNTO AS AVALIACIÓNS 1ª E 2ª E TERÁ EN CONTA AS APRENDIZAXES DESENVOLVIDAS NESTAS DÚAS AVALIACIÓNS VALORANDO ESPECIALMENTE AS APRENDIZAXES E COMPETENCIAS IMPRENCINDIBLES.**
- A avaliación das actividades e aprendizaxes realizadas neste terceiro trimestre só poderá ter valor positivo para a cualificación do alumnado, non podendo puntuar negativamente en ningún caso.

Os **procedementos**, a maneira de realizar un seguimento do traballo realizado sobre as actividades propostas para os nenos e nenas de infantil é a través de:

- Observación diaria e sistemática do neno e nena nas múltiples situacións que se producen neste confinamento, guiados pola intensa comunicación que se manterá cas familias para facer un mellor seguimento do traballo desenvolto polo

alumnado. Dende cómo explora e manipula os obxectos, cómo se manexa no espazo, cómo se relaciona cos demais...Recollerase toda esta información para coñecer mellor a súa evolución e poder mellorar conductas e situacións significativas.

- Producción do alumno/a: hai que ter en conta os traballos que os nenos e nenas realizan na casa e que nos comparten as familias a través das aplicacións e medios dos que dispoñen..
- Comportamento e actitude: é importante ter un bo comportamento e unha boa actitude. Partimos de que nesta situación de confinamento todo o alumnado está a ter unha actitude e un comportamento exemplar.
- Flexibilizaranse os criterios de promoción e a flexibilización en Ed. Infantil terá carácter EXCEPCIONAL (como foi sempre), e tomarase a decisión de forma colexiada tendo en conta a evolución do alumnado antes da suspensión da actividade lectiva presencial.

**2.2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN** que se teñen en conta para a realización das avaliacións (este ano da 1ª e 2ª avaliación) son:

Observación directa	40%
Producción alumno	30%
Comportamento e actitude	30%

A avaliación deste trimestre realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso.

#### **4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE.**

Os titores/as establecerán videoconferencias co seu alumnado se así o consideran preciso. Comunicaranllo con antelación ás familias e farase coa intencionalidade en gran parte de manter o vínculo coa escola, @ tit@r e os compañeiros.

A parte disto, todo o profesorado do centro está a colgar actividades, tarefas e retos na páxina web do centro

<https://www.edu.xunta.gal/centros/craboqueixonvedra/>

Estas actividades dividímolas en retos semanas que contan con 10 temáticas diferentes: inglés, danza musical, arte, movemento, A.L, ciencia-experimentos, receitas, valores-relixión, lóxica-matemática e lecto-escritura. Estes retos presentaranse de forma conxunta para todo o alumnado do centro e requirirán habilidades e destrezas manipulativas e sensoriais. Estes retos colgaranse semanalmente na páxina webdo centro.

A parte deste traballo globalizado e cooperativo entre todo o profesorado do centro, se algún mestre tit@r ou especialista considera que ten que ampliar o seu traballo poderá facelo no seu apartado da páxina web.

Todas as familias poden manter contacto cos seus respectivos titor@s e especialistas, ben a través dos teléfonos das escolas como a través do teléfono da dirección, os correos corporativos postos á súa disposición e as plataformas máis convenientes para cada caso.

#### **5. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

Este documento guía será enviado á inspección educativa antes do 18 de maio e colgado na páxina web do centro para coñecemento das familias.